



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

ASUNTO: CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSONAL: APROL RURAL - 3 PEÓNS PARA O SERVIZO DE MANTEMENTO E VALORIZACIÓN DE ZONAS VERDES
EXPEDIENTE: 2022/G003/000522

ANTECEDENTES:

A Consellería de Emprego e Igualdade mediante Resolución de concesión ven de aprobar a concesión do procedemento TR351G para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural).

Mediante providencia de inicio de expediente, motivase o obxecto desta convocatoria facendo referencia á normativa vixente Real Decreto-Ley 32-2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral.

Á vista dos informes de intervención e de secretaría, esta alcaldía considera suficiente a xustificación detallada na providencia de inicio.

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección do persoal que e de conformidade có artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes bases de selección para a contratación mediante contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral de duración determinada de 9 meses, a tempo completo:

BASES PARA A SELECCIÓN DE 3 TRABALLADORES PARA O SERVIZO DE MANTEMENTO E VALORIZACIÓN DE ZONAS VERDES (3 PEÓNS) APROL RURAL 2022 – A LARACHA

1ª. OBXECTO.

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal (9 meses), a tempo completo baixo a modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, de 3 peóns para formar o “Servizo de mantemento e valorización de zonas verdes”, e rexeranse polas presentes bases.

As funcións e tarefas a desempeñar serán as reflexadas na memoria de obra ou servizo aprobada por resolución de concesión de subvención, como son cortes, desbroces e limpeza de maleza.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

2.ª.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Serán requisitos mínimos dos aspirantes a esta contratación:

Segundo o artigo 14 da orde do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, serán requisitos mínimos de tódolos aspirantes **ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego**. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

* As persoas traballadoras que fosen contratados, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde.

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do EBEP.
- b) Ter cumpridos dezaseis (16) anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de función públicas de conformidade coa Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.
- e) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- f) Estar en posesión do Certificado de Estudos Primarios ou equivalente.
- g) Segundo o artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na administración pública, incluírase un exame de galego, agás para aqueles aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, mediante a presentación do certificado Celga 1 ou Iniciación á lingua galega (Requisito que deberá acreditar coa presentación da copia do mesmo).

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias, e manterse durante todo o proceso selectivo.

3ª.- DURACIÓN E TIPO DE CONTRATO.

A modalidade contractual será de **traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral** de duración determinada de 9 meses.

A xornada laboral será a tempo completo, podendo ser a quendas de luns a domingo; o horario será establecido polo responsable de persoal, coa autorización do alcalde-presidente.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

De acordo ao artigo 14 do Estatuto dos Traballadores (Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo) establece un período de proba de un mes.

4º.- RETRIBUCIÓNS.-

A retribución bruta mensual será de 1.166,66 euros, correspondente á xornada completa por tódolos conceptos salariais, incluída a prorrata da paga extra.

5º.- CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DOS CANDIDATOS.-

O sistema de selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de concurso- oposición.

A fase de concurso será previa á fase de oposición de acordo ao disposto no artigo 4.c) do RD 896/1991 e non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición, procedéndose á valoración dos méritos alegados polos aspirantes. O Tribunal cualificará, unha vez acreditados documentalmente, os seguintes méritos:

A) **fase de concurso** .- puntuación máxima 4,5 puntos.

1. **experiencia profesional:** puntuación máxima 2 puntos.

a) Experiencia profesional en traballos como peón en administracións públicas: 0,15 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 1,50 puntos.

b) Experiencia profesional en traballos como peón en empresas públicas ou privadas do sector: 0,05 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 0,50 punto.

A experiencia profesional acreditarase coa copia dos contratos de traballo e, inescusablemente, informe da vida laboral actualizado. No caso de que os servizos prestados fosen como funcionario, mediante resolución do nomeamento e/ou a toma de posesión, xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida polo órgano competente da seguridade social ou certificado de servizos prestados expedido por fedatario público no que conste os distintos aspectos a valorar (tipo de contrato, posto de traballo, xornada laboral...)

2. **Cursos** relacionados coas funcións a desempeñar: puntuación máxima 1 puntos.

a) Pola participación ou asistencia a cursos (non se valorarán xornadas, seminarios ou simposios), relacionados co posto a desempeñar, organizados por universidades, escolas de administración pública, organismos de titularidade pública, ou demais entes de similar condición á anterior, ata un máximo de 1 punto, de acordo coa seguinte valoración en proporción ó número de horas acreditadas:



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

- Duración de 50 a 150 horas, a razón de 0,25 puntos/curso.
 - Duración de 151 a 300 horas ou mais, a razón de 0,50 puntos/curso.
- b) Pola realización de acción formativa en materia de Prevención de riscos laborais (solo se valorará un curso ou acción formativa): 0,25 puntos.

3. Coñecemento do idioma galego: puntuación máxima 0,50 punto.

- Por cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente:

- Celga 2: 0,15 puntos.
- Celga 3: 0,30 puntos.
- Celga 4: 0,50 punto.

No caso de posuír mais dun curso dos enumerados, valorarase soamente o de maior puntuación. Acreditarase este apartado coa copia compulsada dos cursos ou da validación correspondente.

4. Permisos de condución: puntuación máxima 1 punto.

- * Por estar en posesión do permiso de condución de clase C1 o C: 0,50 puntos.
- * Por estar en posesión do permiso de condución de clase BE: 0,50 puntos.

B) Fase de oposición.- puntuación máxima 10 puntos

Proba práctica: Nesta proba valorarase o tempo empregado, o uso dos equipos, a destreza, as medidas preventivas necesarias para levar a cabo unha labor óptima, e demais actuacións relativas ao desenvolvemento destas tarefas, mediante o emprego de maquinaria de xardinería.

Será preciso acadar unha puntuación igual ou superior a 5 puntos para ser proba superada.

C) Proba de galego : (Apto/Non Apto)

No caso dos aspirantes que non teñan presentado o certificado do coñecemento do galego coa presentación do certificado CELGA 1 ou equivalente deberán facer o exame.

O exame consistirá na tradución directa dun texto elixido polo tribunal do castelán para o galego sen axuda de diccionario, nun tempo máximo de 30 minutos.

Procedemento de selección:

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr. Alcalde, mediante resolución no prazo de 10



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

días naturais aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgarase un prazo improrrogable de tres (3) días hábiles seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do art. 71 da LRXAP.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de persoas admitidas e será exposta na páxina web do Concello (www.alaracha.gal), relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión (no caso de non existir excluídos a lista provisional pasará a definitiva).

Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que publicárase na mesma forma. Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva do aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contenciosa-Administrativa, contados a partir do día seguinte ao da publicación.

Os membros do tribunal poderán nomear colaboradores do tribunal.

Realizarase primeiro a fase de concurso, O tribunal publicará nos medios sinalados a acta dos resultados da fase de concurso así como a data, lugar e hora de realización da fase de oposición. A oposición ten carácter obrigatorio e eliminatorio e a non presentación será motivo de exclusión definitiva.

A proba de galego será a última, de ser precisa a súa realización; esta proba será cualificada como apta ou non apta.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade no momento de realizar o chamamento.

O tribunal emitirá acta final cos resultados acadados e coa proposta dos aspirantes. A puntuación definitiva estará determinada pola puntuación obtida no proceso de concurso-oposición.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, estas resolveranse atendendo ás seguintes circunstancias:

Maior puntuación na fase de oposición. De persistir, maior puntuación no fase de concurso no apartado de experiencia laboral e posteriormente no de formación.

De continuar o empate resolverase por sorteo.

No suposto de persistir o empate dirimirase polo criterio da orde alfabética por apelido, acudindo a tal efecto ao resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de Selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 0.02.2022) para a OEP 2022, isto é, a letra "T".



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

6ª.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.-

Segundo o previsto no artigo 14 da orde do 7 de xaneiro de 2022, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, os aspirantes demandantes de emprego no ocupados e preseleccionados para participar no proceso selectivo, polo Servizo Público de Emprego (Oficina de Emprego de Carballo), e que desexen continuar no proceso, deberán presentar unha instancia no prazo de **5 días hábiles a contar dende a data que conste a comunicación por parte do servizo público de emprego.**

As solicitudes para tomar parte no proceso dirixiranse a Sr. alcalde deste Concello, e presentaranse na sede electrónica do Concello <https://sede.alaracha.gal> ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de non ser presentado no rexistro municipal, os aspirantes deberán remitir un fax (9816063331) ou un e-mail ao seguinte: registro@alaracha.gal coa copia da solicitude debidamente rexistrada dentro do prazo de presentación.

Na solicitude realizarase unha declaración responsable de que son certos os datos obrantes nela e, de ser necesario, se compromete a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.

No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Xunto coa dita solicitude (que deberá incluír, así mesmo, declaración responsable do cumprimento dos requisitos de participación), os aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

- 1.-A fotocopia do DNI.
- 3.-A fotocopia do documento que acredita a titulación mínima esixida ou equivalente.
- 4.- Copia do certificado de iniciación ao galego ou certificado equivalente, co que os aspirantes quedarán exentos de facer o exame de galego. (no seu caso).
- 5.-Coa solicitude acompañarase xustificante acreditativo de ter ingresado a cantidade de 8 euros en concepto de taxa por dereito de exame nalgunha das seguintes contas bancarias:

ABANCA: ES20. 2080. 0079. 9231. 10000015

CAIXABANK: ES08. 2100. 4912. 2122. 00004416

BANCO SANTANDER: ES10. 0238. 8126. 1606. 60000173

Segundo o artigo 4.º da Ordenanza fiscal n.º 23 do Concello da Laracha, pola que se regula a taxa por dereitos de exame, **estarán exentas do pagamento da taxa** as persoas con discapacidade igual ou



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

superior ó 33% (para o que deberá presentar o certificado de minusvalía correspondente), e aquelas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, cando menos, dun mes anterior á data da convocatoria das probas selectivas (para o que deberá presentar o documento xustificativo expedido pola oficina de emprego correspondente).

6.-Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos destes. Só se terán en conta para o concurso os méritos debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes; e non serán obxecto de toma en consideración, e valoración, os que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo, que serán considerados como achega de nova de documentación fóra de prazo.

7º.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

1.- O tribunal cualificador será designado pola alcaldía - presidencia (en virtude do artigo 21.1.g) de 7/85 de 2 de Abril reguladora das Bases do Réxime Local), e en base ao establecido por RD Lexislativo 5/2015, Estatuto Básico do Empregado Público, é que se encargará de todo o proceso a partir do momento que se asinen as presentes bases.

Os vocais deberán ter titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás praza convocadas.

2.- O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. Será posible o nomeamento dun colaborador, de ser preciso.

De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 de Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas, publicará no taboleiro de edictos da Corporación e na páxina web municipal, no mesmo día en que se acorde, a relación de puntuacións outorgadas e elevaraa á Alcaldía.

5.- O alcalde, vista a proposta de selección do tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá a contratación.

Para os efectos de percepción de asistencias, a Tribunal terá a categoría segunda (2.ª) das sinaladas no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

8º.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.-

A proposta del tribunal cualificador elevarase á Alcaldía - Presidencia, para a resolución do expediente de selección, mediante decreto, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, podendo tamén publicarse na páxina web do concello e na sede electrónica.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

A persoa aspirante proposta presentará, no prazo de tres (3) días hábiles, contados dende que se faga público o resultado da selección, os documentos acreditativos de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases desta convocatoria:

1. Copia compulsada do título esixido nas presentes bases.
2. Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
3. Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
4. Certificado médico de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.
5. Fotocopia da cartilla da S.S.
6. N.º de conta bancaria cos 20 díxitos.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, a persoa aspirante proposta non presentase a documentación ou non acreditase reunir os requisitos esixidos, non poderá ser nomeada e quedarán anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade.

A formalización do contrato laboral co aspirante seleccionado será competencia do Sr. Alcalde - Presidente; o/a aspirante deberá incorporarse ao seu posto de traballo no prazo máximo de cinco días, dende que sexa requirido para elo.

9º.- RESULTADOS DA SELECCIÓN.

A Tribunal publicará no taboleiro de edictos da Corporación e na páxina web municipal, no mesmo día en que se acorde, a relación de puntuacións outorgadas e elevará á Alcaldía proposta da relación de persoas presentadas por orde de puntuación para o posterior nomeamento como persoal laboral temporal e, así mesmo, integrar a bolsa de traballo para os efectos de ser nomeadas persoal cando proceda para cubrir a renuncia ou situacións de incapacidade temporal, maternidade ou paternidade.

10º.- BOLSA DE TRABALLO E CHAMAMENTO DAS/OS ASPIRANTES.

Constituirase unha bolsa de emprego coas persoas que superen o proceso selectivo e non resulten seleccionadas, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que puidan resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente debidas a renuncias ou situacións de incapacidade temporal, maternidade ou paternidade. A bolsa será ordenada segundo a puntuación obtida.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

O nomeamento dos aspirantes efectuarase atendendo á súa clasificación na bolsa de traballo, por orde decrescente de puntuación, os chamamentos realizaranse por vía telefónica efectuándose, como mínimo, dúas chamadas.

Coa finalidade de posibilitar a mellor tramitación do procedemento, os interesados son responsables de comunicarlle ao Concello calquera alteración do seu número de contacto.

O empregado público que efectúe as chamadas fará constar mediante dilixencia a disposición do interesado a cubrir temporalmente a praza que corresponda. De non atender as chamadas, entenderase que o aspirante desiste de cubrir a praza.

Os aspirantes que sendo requiridos para o seu nomeamento renuncien a el dúas veces seguidas ou non poidan ser chamados por causa non imputable á Administración, pasarán a ocupar a derradeira posición na bolsa de traballo para os efectos de novos nomeamentos. O mesmo proceso aplicarase a aquelas persoas que renuncien o desempeño do seu posto de traballo unha vez iniciada a prestación.

A bolsa de traballo terá vixencia durante a vixencia do programa Aprod Rural 2022.

11º.- INCIDENCIAS E RÉXIME DE RECURSOS.

En todo o non previsto nas presentes bases o tribunal quedará facultado para resolver e/ou interpretar as dúbidas que se poidan presentar, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos/as interesados/as recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso administrativo, que se poderá interpor no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, ou a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; e o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D./D.^a _____, de _____ anos, con DNI _____ e domicilio en _____, n.º _____, piso _____, C.P. _____, da localidade _____, e teléfono _____, correo electrónico _____

EXPOÑO:

- I. Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de A Laracha para a selección de 3 PEÓNS PARA SERVIZO DE MANTEMENTO E VALORIZACIÓN DE ZONAS VERDES.- Programa de axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais
- II. Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas bases de selección, que coñezo e acepto, e DECLARO RESPONSABLEMENTE que son certos os datos que figuran nesta instancia, e comprométome a xustificalos documentalmente cando sexa requirido para iso.

Polo exposto, SOLICITO:

1.º. Ser admitido no proceso para provisión temporal de 3 PEÓNS PARA SERVIZO DE MANTEMENTO E VALORIZACIÓN DE ZONAS VERDES, achegando para estes efectos a seguinte documentación:

- DNI, pasaporte ou documento de identidade correspondente ao Estado de procedencia.
- Títulos esixidos para tomar parte no procedemento ou documentación xustificativa pertinente cando aínda non se dispoña del.
- Relación ORDEADA E FOLIADA dos méritos alegados e documentación acreditativa destes.
- Certificado Celga ou documento equivalente.
- Documento acreditativo do pago das taxas ou certificado de minusvalía (igual ou superior ao 33%) ou informe de períodos de 10nscripción como demandantes de emprego no que se acredite que figura como demandante de emprego nun período de un mes anterior á data da convocatoria das probas selectivas.

A Laracha, _____ de _____ de 2022.

Asdo. (nome e apelidos)



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

ANEXO II

DECLARA baixo xuramento:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.
- Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións por sentenza firme.

A Laracha, ____ de _____ de 2022.

(sinatura)

Asdo. (nome e apelidos)

1 A efectos de cumprimentar a declaración de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza, unha vez seleccionados o aspirante poderán presentar un informe ou certificado médico que indique que non padece enfermidade nin defecto para ocupar o posto de traballo.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE A LARACHA”

SEGUNDO.- Publicar as bases de selección no taboleiro de edictos do Concello e páxina web do Concello.

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde (P.D.R.A. nº 516/2022 do 12 de maio de 2022), José Ramón Martínez Barbeito, do que eu secretario, Miguel Piñeiro Souto, dou fe.